

**A** análise das prestacións económicas realizarase a partir dos datos da Dirección Xeral de Servizos Sociais, do Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales e do INEM.

O punto de partida do estudo recollido neste apartado é o **cadro 7.2.1.**, no que se amosa un resumo dos datos de beneficiarios e o importe medio dos diferentes tipos de protección. Como se pode apreciar, as pensións contributivas son as que acollen o maior número de beneficiarios, con 652,0 miles de persoas, fronte ás 643,2 do ano anterior.

Pensións contributivas

A 31 de decembro de 1998 había en Galicia un total de 652 miles de pensións da Seguridade Social, cun importe medio de 60.400 pesetas. O número de pensións en Galicia aumentou un 1,37% en relación a 1997, mentres que para o conxunto do estado a taxa de crecemento foi dun 1,81%. Descendeu, polo tanto, o peso das pensións galegas no total español, que pasa do 8,84% do ano 1997 ó 8,80% do ano 1998.

Ó igual que no ano anterior, Galicia é a quinta comunidade con maior número de pensións, superada por Cataluña, Andalucía, Madrid e C. Valenciana. Ademais, Galicia non só é a comunidade autónoma co importe medio máis baixo, senón que o diferencial co importe medio estatal volve a aumentar en 1998 respecto ó ano anterior: 11.500 pesetas en 1998 fronte ás 11.000 pesetas do ano anterior.

Desagregando o estudo segundo os diferentes tipos de pensións, o **cadro 7.2.2.** reflicte que o peso relativo das pensións de incapacidade permanente en Galicia descende de maneira importante en 1998, pasando de se-lo 9,01% do total das pensións españolas por incapacidade permanente ó 7,36% do último ano. Unha das cuasas desta evolución é que, a partir do mes de decembro de 1997, inclusive, as pensións de incapacidade permanente de beneficiarios de 65 e máis anos, coa excepción das do SOVI, figuran incluídas nas de xubilación.

As pensións por xubilación seguen a se-las pensións máis importantes tanto en termos absolutos como relativos. A pesa-

CADRO 7.2.1. *Resumo das prestacións 1997-98: beneficiarios e importe medio segundo tipo de cobertura*

|                                    | 1997  |  | 1998  |  |
|------------------------------------|---|--|---|--|
|                                    | número<br><i>(en miles de pensións)</i><br><i>(media anual)</i> | importe medio<br><i>(miles de pesetas)</i><br><i>(media mensual)</i> | número<br><i>(en miles de pensións)</i><br><i>(media anual)</i> | importe medio<br><i>(miles de pesetas)</i><br><i>(media mensual)</i> |
| <b>Pensións contributivas</b>      | 643,2   | 58,5   | 652,0   | 60,4   |
| Incapacidade permanente            | 146,5   | 59,9   | 59,2  | 66,8   |
| Xubilación                         | 325,1   | 67,5   | 416,6   | 67,5   |
| Viuvez                             | 150,4   | 41,5   | 153,8   | 42,7   |
| Orfandade e favor familiar         | 21,2  | 30,3   | 22,4  | 31,1   |
| <b>Pensións non contributivas</b>  | 45,075  | 37,804   | 48,262  | 42,082   |
| Invalidez                          | 22,987  | 39,872   | 24,827  | 44,286   |
| Xubilación                         | 22,087  | 35,631   | 23,435  | 39,753   |
| <b>LISMI</b>                       | 11,462  |  | 9,832   |  |
| <b>Pensións asistenciais</b>       | 9,433   |  | 6,669   |  |
| <b>Prestacións por desemprego</b>  |   |  |   |  |
| Contributivas                      | <i>(media mensual)</i><br>73,901                                |  | <i>(media mensual)</i><br>66,122                                | 48,039   |
| Subsidios                          | 32,652  |  | 28,635  |  |
|                                    | 41,249  |  | 37,487  |  |
| <b>RISGA</b>                       | <i>(beneficiarios a 31-12)</i><br>3,927                         | 37,553   | <i>(beneficiarios a 31-12)</i><br>4,140                         | 38,560   |
|                                    |   | <i>(media anual)</i>   |   | <i>(media anual)</i>   |
| <b>Axudas de emerxencia social</b> | 0,937   | 149,132  | 1,148   | 149,132  |

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do *Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales* e da *Dirección Xeral de Servicios Sociais*

res desta importancia, o importe medio deste tipo de pensións é o máis baixo de tódalas comunidades, cun importe medio de 67.500 pesetas, igual que en 1997, cando en España, este importe medio pasou das 81.000 pesetas do ano 1997 ás 82.000 pesetas do ano 1998.

O problema do baixo importe medio das pensións galegas en comparación coas outras comunidades agrávase polo feito de que o diferencial coa media estatal se agranda, pasando de 14.000 pesetas ás 14.300 pesetas no caso da incapacidade permanente; das 13.600 pesetas ás 14.500 nas pensións de xubilación; das 7.800 pesetas ás 8.200 pesetas no caso de viuvez; e das 800 pesetas ás 900 no caso das pensións por orfandade e favor familiar (**cadro 7.2.4.**).

### Prestacións non contributivas

Tal e como reflicte o **cadro 7.2.3.**, o número total de beneficiarios das pensións non contributivas creceu en Galicia un 7,1% en 1998 respecto ó ano anterior, sendo este crecemento 0,3 puntos superior ó experimentado polo conxunto do estado. Tanto en 1997 como en 1998, Galicia é a terceira comunidade con máis número de beneficiarios, despois de Andalucía e Cataluña.

Tendo en conta os dous tipos de pensións non contributivas, as de invalidez e as de xubilación, o devandito **cadro 7.2.3.** amosa que o 51,44% do total de beneficiarios corresponde ás primeiras, e o restante 48,56%, a pensións de xubilación.

Pensões da Seguridade Social nas CC.AA. 1997-98: beneficiarios e importe medio segundo clase de pensión

(número: medias anuais, en miles de pesétns)  
(importe medio: en miles de pesétns)

1997

|                       | Totais         |               | Incapacidade permanente |               | Xubilación     |               | Viúvez         |               | Orfandade e favor familiar |               |
|-----------------------|----------------|---------------|-------------------------|---------------|----------------|---------------|----------------|---------------|----------------------------|---------------|
|                       | número         | importe medio | número                  | importe medio | número         | importe medio | número         | importe medio | número                     | importe medio |
| Andalucía             | 1.135,4        | 64,7          | 338,2                   | 71,1          | 442,3          | 75,4          | 302,9          | 48,3          | 52,0                       | 28,7          |
| Aragón                | 255,4          | 71,0          | 46,2                    | 81,5          | 135,9          | 79,4          | 66,3           | 50,4          | 7,0                        | 33,5          |
| Asturias              | 277,2          | 84,8          | 61,0                    | 95,8          | 133,4          | 101,3         | 74,4           | 51,6          | 8,6                        | 37,6          |
| Baleares              | 141,5          | 62,7          | 30,9                    | 69,5          | 71,2           | 70,9          | 35,6           | 44,3          | 3,8                        | 27,2          |
| Canarias              | 187,0          | 66,1          | 45,7                    | 70,4          | 78,1           | 79,4          | 52,4           | 50,1          | 10,8                       | 28,8          |
| Cantabria             | 117,2          | 71,3          | 23,4                    | 73,4          | 59,5           | 84,9          | 29,9           | 47,8          | 4,3                        | 33,2          |
| Castela-A Mancha      | 301,5          | 64,3          | 60,2                    | 67,2          | 149,5          | 73,2          | 80,7           | 50,2          | 11,1                       | 30,1          |
| Castela e León        | 549,6          | 67,3          | 110,2                   | 74,7          | 282,2          | 76,1          | 139,0          | 47,9          | 18,2                       | 32,5          |
| Cataluña              | 1.278,6        | 71,2          | 282,2                   | 72,6          | 650,4          | 82,9          | 317,3          | 49,6          | 28,7                       | 31,0          |
| Comunidade Valenciana | 704,7          | 63,7          | 137,2                   | 67,0          | 352,9          | 73,2          | 191,4          | 47,8          | 23,2                       | 28,7          |
| Extremadura           | 187,8          | 60,5          | 40,8                    | 64,2          | 85,5           | 68,7          | 53,2           | 49,3          | 8,3                        | 29,4          |
| <b>Galicia</b>        | <b>643,2</b>   | <b>58,5</b>   | <b>146,5</b>            | <b>59,9</b>   | <b>325,1</b>   | <b>67,5</b>   | <b>150,4</b>   | <b>41,5</b>   | <b>21,2</b>                | <b>30,3</b>   |
| Madrid                | 744,1          | 82,0          | 120,6                   | 91,4          | 388,6          | 97,2          | 207,4          | 54,6          | 27,5                       | 33,9          |
| Murcia                | 185,9          | 62,4          | 71,6                    | 64,5          | 61,5           | 75,7          | 45,7           | 46,4          | 7,1                        | 28,8          |
| Navarra               | 95,2           | 74,7          | 19,2                    | 88,7          | 48,7           | 83,1          | 24,0           | 51,9          | 3,3                        | 34,8          |
| País Vasco            | 406,0          | 86,8          | 76,1                    | 106,0         | 205,7          | 102,2         | 109,1          | 56,4          | 15,1                       | 36,5          |
| A Rioxa               | 55,5           | 66,6          | 13,5                    | 74,9          | 26,9           | 73,4          | 13,5           | 48,9          | 1,5                        | 32,0          |
| Ceuta e Mellilla      | 13,4           | 75,3          | 3,2                     | 91,1          | 5,0            | 94,3          | 4,3            | 51,5          | 0,9                        | 28,6          |
| <b>Total</b>          | <b>7.279,3</b> | <b>69,5</b>   | <b>1.626,6</b>          | <b>73,9</b>   | <b>3.502,5</b> | <b>81,1</b>   | <b>1.897,5</b> | <b>49,3</b>   | <b>252,6</b>               | <b>31,1</b>   |
| <b>G/E (%)</b>        | <b>8,84</b>    |               | <b>9,01</b>             |               | <b>9,28</b>    |               | <b>7,93</b>    |               | <b>8,39</b>                |               |

1998

|                       | Totais         |               | Incapacidade permanente (1) |               | Xubilación     |               | Viúvez         |               | Orfandade e favor familiar |               |
|-----------------------|----------------|---------------|-----------------------------|---------------|----------------|---------------|----------------|---------------|----------------------------|---------------|
|                       | número         | importe medio | número                      | importe medio | número         | importe medio | número         | importe medio | número                     | importe medio |
| Andalucía             | 1.162,4        | 66,9          | 171,1                       | 77,2          | 625,9          | 75,9          | 309,7          | 49,7          | 55,7                       | 29,5          |
| Aragón                | 287,7          | 73,5          | 21,9                        | 92,1          | 161,0          | 81,8          | 67,4           | 52,0          | 7,3                        | 34,7          |
| Asturias              | 280,0          | 88,0          | 30,8                        | 103,9         | 164,5          | 103,6         | 75,7           | 53,4          | 9,0                        | 38,6          |
| Baleares              | 144,0          | 64,9          | 16,7                        | 76,3          | 86,9           | 72,6          | 36,3           | 45,7          | 4,1                        | 27,9          |
| Canarias              | 192,5          | 68,2          | 24,4                        | 73,5          | 102,4          | 80,2          | 54,1           | 51,5          | 11,6                       | 29,5          |
| Cantabria             | 118,5          | 73,9          | 11,0                        | 82,4          | 72,4           | 85,5          | 30,5           | 49,4          | 4,5                        | 34,0          |
| Castela-A Mancha      | 306,6          | 66,3          | 26,4                        | 71,9          | 186,3          | 74,2          | 82,2           | 51,6          | 11,7                       | 30,9          |
| Castela e León        | 555,1          | 69,6          | 46,7                        | 83,6          | 348,0          | 77,9          | 141,1          | 49,4          | 19,2                       | 33,4          |
| Cataluña              | 1.302,0        | 73,8          | 149,3                       | 79,7          | 798,3          | 83,5          | 323,9          | 51,1          | 30,5                       | 32,0          |
| Comunidade Valenciana | 718,4          | 66,0          | 71,4                        | 72,1          | 426,9          | 74,7          | 195,2          | 49,3          | 24,8                       | 29,5          |
| Extremadura           | 190,3          | 62,3          | 19,5                        | 65,4          | 108,0          | 70,0          | 54,0           | 50,6          | 8,8                        | 30,1          |
| <b>Galicia</b>        | <b>652,0</b>   | <b>60,4</b>   | <b>59,2</b>                 | <b>66,8</b>   | <b>416,6</b>   | <b>67,5</b>   | <b>153,8</b>   | <b>42,7</b>   | <b>22,4</b>                | <b>31,1</b>   |
| Madrid                | 762,0          | 85,2          | 64,7                        | 100,4         | 456,0          | 93,6          | 212,1          | 56,4          | 29,1                       | 35,0          |
| Murcia                | 189,9          | 64,5          | 31,1                        | 64,8          | 104,2          | 74,5          | 47,0           | 47,8          | 7,6                        | 29,3          |
| Navarra               | 96,8           | 77,6          | 9,8                         | 98,9          | 59,0           | 86,5          | 24,5           | 53,5          | 3,4                        | 35,8          |
| País Vasco            | 413,0          | 90,3          | 42,7                        | 108,3         | 243,3          | 105,1         | 111,0          | 58,4          | 16,0                       | 37,8          |
| A Rioxa               | 56,0           | 69,0          | 6,2                         | 80,6          | 34,4           | 76,0          | 13,7           | 50,4          | 1,6                        | 33,0          |
| Ceuta e Mellilla      | 13,6           | 77,8          | 1,7                         | 94,9          | 6,6            | 96,8          | 4,4            | 53,1          | 0,9                        | 28,7          |
| <b>Total</b>          | <b>7.410,7</b> | <b>71,9</b>   | <b>804,5</b>                | <b>81,1</b>   | <b>4.400,9</b> | <b>82,0</b>   | <b>1.936,7</b> | <b>50,9</b>   | <b>268,5</b>               | <b>32,0</b>   |
| <b>G/E (%)</b>        | <b>8,80</b>    |               | <b>7,36</b>                 |               | <b>9,47</b>    |               | <b>7,94</b>    |               | <b>8,34</b>                |               |

(1) desde decembro de 1987, as pensións de incapacidade permanente de beneficiarios de 65 e máis anos figuran incluídas nas de xubilación  
Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

**CADRO 7.2.3. Pensións non contributivas nas CC.AA. 1997-98: beneficiarios**

(en medias anuais)

|                         | Beneficiarios totais |               |            | Invalidez     |               |            | Xubilación    |               |            |
|-------------------------|----------------------|---------------|------------|---------------|---------------|------------|---------------|---------------|------------|
|                         | 1997                 | 1998          | 98/97 (%)  | 1997          | 1998          | 98/97 (%)  | 1997          | 1998          | 98/97 (%)  |
| <b>Andalucía</b>        | 91.867               | 98.696        | 7,4        | 47.408        | 52.136        | 10,0       | 44.459        | 46.559        | 4,7        |
| <b>Aragón</b>           | 12.158               | 12.071        | -0,7       | 3.831         | 3.957         | 3,3        | 8.327         | 8.114         | -2,6       |
| <b>Asturias</b>         | 10.295               | 11.064        | 7,5        | 5.239         | 5.794         | 10,6       | 5.055         | 5.270         | 4,3        |
| <b>Baleares</b>         | 7.050                | 7.576         | 7,5        | 3.902         | 4.238         | 8,6        | 3.147         | 3.338         | 6,1        |
| <b>Canarias</b>         | 32.058               | 36.130        | 12,7       | 17.576        | 20.337        | 15,7       | 14.482        | 15.793        | 9,1        |
| <b>Cantabria</b>        | 5.367                | 5.827         | 8,6        | 2.946         | 3.221         | 9,3        | 2.421         | 2.606         | 7,6        |
| <b>Castela-A Mancha</b> | 20.815               | 21.532        | 3,4        | 9.112         | 9.659         | 6,0        | 11.703        | 11.872        | 1,4        |
| <b>Castela e León</b>   | 27.052               | 27.755        | 2,6        | 12.571        | 13.161        | 4,7        | 14.481        | 14.594        | 0,8        |
| <b>Cataluña</b>         | 47.631               | 51.746        | 8,6        | 21.165        | 23.550        | 11,3       | 26.465        | 28.196        | 6,5        |
| <b>C. Valenciana</b>    | 36.285               | 38.573        | 6,3        | 18.147        | 19.733        | 8,7        | 18.138        | 18.840        | 3,9        |
| <b>Extremadura</b>      | 13.226               | 13.772        | 4,1        | 5.755         | 6.083         | 5,7        | 7.470         | 7.689         | 2,9        |
| <b>Galicia</b>          | <b>45.075</b>        | <b>48.262</b> | <b>7,1</b> | <b>22.987</b> | <b>24.827</b> | <b>8,0</b> | <b>22.087</b> | <b>23.435</b> | <b>6,1</b> |
| <b>Madrid</b>           | 29.528               | 31.370        | 6,2        | 12.550        | 13.963        | 11,3       | 16.978        | 17.406        | 2,5        |
| <b>Murcia</b>           | 12.346               | 12.485        | 1,1        | 8.179         | 8.948         | 9,4        | 3.166         | 3.537         | 11,7       |
| <b>Navarra</b>          | 3.378                | 3.411         | 1,0        | 826           | 900           | 9,0        | 2.553         | 2.510         | -1,7       |
| <b>País Vasco</b>       | 10.360               | 10.845        | 4,7        | 5.392         | 5.789         | 7,4        | 4.968         | 5.056         | 1,8        |
| <b>A Ríoxa</b>          | 2.456                | 2.428         | -1,1       | 1.281         | 1.279         | -0,2       | 1.174         | 1.149         | -2,1       |
| <b>Ceuta e Melilla</b>  | 3.905                | 3.986         | 2,1        | 2.906         | 2.985         | 2,7        | 999           | 1.000         | 0,1        |
| <b>Total</b>            | 409.850              | 437.529       | 6,8        | 201.775       | 220.560       | 9,3        | 208.075       | 216.964       | 4,3        |
| <b>G/E</b>              | <b>11,0</b>          | <b>11,0</b>   |            | <b>11,4</b>   | <b>11,3</b>   |            | <b>10,6</b>   | <b>10,8</b>   |            |

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

**CADRO 7.2.4. Importe medio das pensións non contributivas 1997-98** (1): *distribución segundo clase*

|              | 1997          |               |               | 1998          |               |               |
|--------------|---------------|---------------|---------------|---------------|---------------|---------------|
|              | Total         | Invalidez     | Xubilación    | Total         | Invalidez     | Xubilación    |
| A Coruña     | 36.983        | 38.743        | 35.277        | 42.134        | 44.031        | 40.234        |
| Lugo         | 38.488        | 40.136        | 36.683        | 41.029        | 44.140        | 37.825        |
| Ourense      | 36.744        | 38.528        | 34.442        | 41.380        | 43.730        | 38.459        |
| Pontevedra   | 39.192        | 41.917        | 36.302        | 42.634        | 44.915        | 40.197        |
| <b>Total</b> | <b>37.804</b> | <b>39.872</b> | <b>35.631</b> | <b>42.082</b> | <b>44.286</b> | <b>39.753</b> |
| España       | 38.316        | 40.940        | 35.718        |               |               |               |

(1) datos a 31 de decembro de cada ano  
 Fonte: Dirección Xeral de Servizos Sociais

O importe medio das pensións non contributivas ascendeu a 42.082 pesetas ó mes e o importe medio das pensión por invalidez foi superior ó correspondente ás pensións de xubilación: en 1998 eses importes foron de 44.286 pesetas/mes e 39.753 pesetas/mes, respectivamente.

Co incremento destas pensións non contributivas estase a reducir o número de beneficiarios de prestacións sociais e económicas da **Lei de Integración Social dos Minusválidos** (Lismi) e das pensións asistenciais. No primeiro caso, como reflicte o **cadro 7.2.5.**, rexistrouse un forte descenso do número de beneficiarios, que, no caso galego, baixou un 14,2% respecto a 1997, co que foi a cuarta comunidade onde máis descende o número de pensións, tras Asturias, Canarias e Cantabria.

O peso das prestacións sociais e económicas da Lismi en Galicia no conxunto de España baixa do 7% no último ano, pasando do 7,1% en 1997 ó 6,8% do ano 1998.

Finalmente, en relación ós beneficiarios das **pensións asistenciais**, **cadro 7.2.6.**, o seu número reduciuse nun 29,3% en 1998 respecto ó ano anterior, pasando de 9.443 beneficiarios en 1997 ós 6.669 de 1998. Neste ano, o 52,98% dos beneficia-

rios recibían pensións asistenciais por enfermidade e o 47,02% restante, pensións asistenciais por vellez.

#### Prestacións por desemprego

Como reflicte o **cadro 7.2.7.** o número total de beneficiarios por prestacións por desemprego continúa a súa tendencia descendente, situándose en 1998 en Galicia en 66.122 persoas, o que supón un 10,52% menos que no ano anterior.

Respecto ó tipo de prestación, cabe salientar que un 56,69% dos beneficiarios cobrou as prestacións de nivel asistencial, correspondendo o 43,31% restante, a beneficiarios de prestacións de nivel contributivo. As prestacións de nivel asistencial corresponde ó 75% do salario mínimo interprofesional, que para 1998 foi de 68.040 pesetas ó mes.

Por provincias, o maior número de beneficiarios corresponde á provincia de A Coruña, con 26.719 beneficiarios, un 12% menos que no ano anterior. Por detrás sitúanse Pontevedra, con 22.344 persoas, un 9,2% inferior ó ano 1997, e Ourense e Lugo, con 9.481 e 7.578 beneficiarios, respectivamente.

CADRO 7.2.5.

**Prestacións sociais e económicas da LISMI nas CC.AA. 1997-98: beneficiarios**

(en medias anuais)

|                  | 1997           | 1998           | 98/97<br>(%) |
|------------------|----------------|----------------|--------------|
| Andalucía        | 29.565         | 26.374         | -10,8        |
| Aragón           | 4.495          | 3.985          | -11,3        |
| Asturias         | 6.890          | 5.660          | -17,9        |
| Baleares         | 1.617          | 1.427          | -11,8        |
| Canarias         | 1.894          | 1.567          | -17,3        |
| Cantabria        | 2.723          | 2.290          | -15,9        |
| Castela-A Mancha | 11.011         | 9.907          | -10,0        |
| Castela e León   | 17.317         | 15.512         | -10,4        |
| Cataluña         | 15.200         | 13.671         | -10,1        |
| C. Valenciana    | 14.726         | 13.142         | -10,8        |
| Extremadura      | 12.255         | 10.920         | -10,9        |
| <b>Galicia</b>   | <b>11.465</b>  | <b>9.832</b>   | <b>-14,2</b> |
| Madrid           | 10.935         | 10.070         | -7,9         |
| Murcia           | 19.143         | 17.206         | -10,1        |
| Navarra          | -              | -              | 0,0          |
| País Vasco       | -              | -              | 0,0          |
| A Rioxa          | 889            | 801            | -9,9         |
| Ceuta e Melilla  | 1.949          | 1.777          | -8,8         |
| <b>Total</b>     | <b>162.074</b> | <b>144.141</b> | <b>-11,1</b> |
| <b>G/E (%)</b>   | <b>7,1</b>     | <b>6,8</b>     | <b>-3,6</b>  |

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

CADRO 7.2.6.

**Pensións asistenciais nas CC.AA. 1997-98: beneficiarios**

(en medias anuais)

|                  | 1997           | 1998          | 98/97<br>(%) |
|------------------|----------------|---------------|--------------|
| Andalucía        | 38.330         | 32.329        | -15,7        |
| Aragón           | 1.130          | 826           | -26,9        |
| Asturias         | 1.491          | 1.143         | -23,3        |
| Baleares         | 2.104          | 1.584         | -24,7        |
| Canarias         | 12.560         | 9.477         | -24,5        |
| Cantabria        | 795            | 612           | -23,0        |
| Castela-A Mancha | 6.806          | 5.726         | -15,9        |
| Castela e León   | 6.121          | 5.376         | -12,2        |
| Cataluña         | 11.063         | 7.948         | -28,2        |
| C. Valenciana    | 10.549         | 8.854         | -16,1        |
| Extremadura      | 4.813          | 4.139         | -14,0        |
| <b>Galicia</b>   | <b>9.433</b>   | <b>6.669</b>  | <b>-29,3</b> |
| Madrid           | 10.981         | 9.262         | -15,7        |
| Murcia           | 5.247          | 4.370         | -16,7        |
| Navarra          | 849            | 725           | 0,0          |
| País Vasco       | -              | -             | 0,0          |
| A Rioxa          | 119            | 100           | -16,0        |
| Ceuta e Melilla  | 792            | 709           | -10,5        |
| <b>Total</b>     | <b>123.183</b> | <b>99.849</b> | <b>-18,9</b> |
| <b>G/E (%)</b>   | <b>7,7</b>     | <b>6,7</b>    | <b>-12,8</b> |

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

**CADRO 7.2.7.**
**Beneficiarios de prestacións por desempleo e paro rexistrado 1997-98**

| 1997  |               |          |       |         |            |            |
|---|---------------|----------|-------|---------|------------|------------|
|   | Galicia       | A Coruña | Lugo  | Ourense | Pontevedra | España (1) |
| <b>Beneficiarios contributivos</b> <i>(media mensual)</i>     | <b>32.652</b> | 14.110   | 3.709 | 3.813   | 11.021     | 530,7      |
| <b>Beneficiarios subsidios</b> <i>(media mensual)</i>         | <b>41.249</b> | 16.252   | 4.796 | 6.607   | 13.594     | 710,1      |
| <b>Total</b>  | <b>73.901</b> | 30.361   | 8.505 | 10.420  | 24.615     | 1.240,8    |
| <b>Paro rexistrado (1)</b>                                    | <b>169,5</b>  | 70,4     | 18,1  | 20,6    | 60,4       | 2.118,7    |
| <b>Benef.contr./Paro rexistr.</b>                             | <b>19,27</b>  | 20,04    | 20,49 | 18,51   | 18,25      | 25,05      |
| <b>Benef. subs./Paro rexistr.</b>                             | <b>24,34</b>  | 23,09    | 26,50 | 32,07   | 22,51      | 33,52      |
| <b>Taxas de cobertura bruta das prestacións por desempleo</b> | <b>43,61</b>  | 43,13    | 47,09 | 50,58   | 40,76      | 49,46      |

  

| 1998  |               |          |       |         |            |            |
|---|---------------|----------|-------|---------|------------|------------|
|   | Galicia       | A Coruña | Lugo  | Ourense | Pontevedra | España (1) |
| <b>Beneficiarios contributivos</b> <i>(media mensual)</i>     | <b>28.635</b> | 11.983   | 3.175 | 3.371   | 10.106     | 462,3      |
| <b>Beneficiarios subsidios</b> <i>(media mensual)</i>         | <b>37.487</b> | 14.736   | 4.403 | 6.110   | 12.238     | 667,8      |
| <b>Total</b>  | <b>66.122</b> | 26.719   | 7.578 | 9.481   | 22.344     | 1.130,1    |
| <b>Paro rexistrado (1)</b>                                    | <b>156,5</b>  | 65,0     | 16,4  | 19,5    | 55,7       | 1.889,5    |
| <b>Benef.contr./Paro rexistr.</b>                             | <b>18,30</b>  | 18,44    | 19,36 | 17,29   | 18,14      | 24,47      |
| <b>Benef. subs./Paro rexistr.</b>                             | <b>23,95</b>  | 22,67    | 26,85 | 31,33   | 21,97      | 35,34      |
| <b>Taxas de cobertura bruta das prestacións por desempleo</b> | <b>42,25</b>  | 41,11    | 46,21 | 48,62   | 40,11      | 49,13      |

(1) os datos do paro rexistrado e os datos de beneficiarios para España están en miles

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do INEM e Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

**CADRO 7.2.8.**
**Distribución dos gastos e ingresos de prestacións por desempleo 1997-98**

| 1997              |                            |                 |                 |                     |                |                 |
|-------------------|----------------------------|-----------------|-----------------|---------------------|----------------|-----------------|
|                   | Ingresos                   |                 | Gastos          |                     |                | Total           |
|                   | Recadación cotas desempleo | Contributiva    | Subsidio        | Cotas contributivas | Cotas subsidio |                 |
| <b>A Coruña</b>   | 30.997,8                   | 17.585,0        | 9.996,6         | 6.415,8             | 1.780,9        | 35.778,2        |
| <b>Lugo</b>       | 7.018,4                    | 4.072,0         | 2.863,5         | 1.437,0             | 524,8          | 8.897,3         |
| <b>Ourense</b>    | 6.951,2                    | 4.375,8         | 4.020,7         | 1.569,3             | 767,5          | 10.733,2        |
| <b>Pontevedra</b> | 24.933,6                   | 13.506,0        | 8.504,4         | 4.813,0             | 1.488,3        | 28.311,6        |
| <b>Total</b>      | <b>69.900,9</b>            | <b>39.538,9</b> | <b>25.385,1</b> | <b>14.235,1</b>     | <b>4.561,4</b> | <b>83.720,5</b> |
| <b>España</b>     | 1.420.680,3                | 709.756,1       | 319.155,0       | 260.244,8           | 56.648,6       | 1.345.804,5     |

  

| 1998              |                            |                 |                 |                     |                |                 |
|-------------------|----------------------------|-----------------|-----------------|---------------------|----------------|-----------------|
|                   | Ingresos                   |                 | Gastos          |                     |                | Total           |
|                   | Recadación cotas desempleo | Contributiva    | Subsidio        | Cotas contributivas | Cotas subsidio |                 |
| <b>A Coruña</b>   | 33.696,4                   | 15.064,2        | 9.422,5         | 6.090,2             | 1.725,2        | 32.302,2        |
| <b>Lugo</b>       | 7.451,1                    | 3.563,9         | 2.746,9         | 1.393,9             | 509,3          | 8.214,0         |
| <b>Ourense</b>    | 7.428,8                    | 4.039,2         | 3.851,8         | 1.585,2             | 746,3          | 10.222,5        |
| <b>Pontevedra</b> | 27.296,4                   | 12.971,6        | 7.940,3         | 5.146,1             | 1.433,1        | 27.491,1        |
| <b>Total</b>      | <b>75.872,8</b>            | <b>35.638,9</b> | <b>23.961,5</b> | <b>14.215,3</b>     | <b>4.414,0</b> | <b>78.229,8</b> |
| <b>España</b>     | 1.557.578,9                | 628.045,9       | 296.732,4       | 256.819,4           | 53.552,9       | 1.235.150,6     |

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

CADRO 7.2.9. *Risga e Axudas de Emerxencia Social 1997-98: solicitudes rexistradas*

|                   | Risga        |              |                | Axudas de emerxencia social |              |                |
|-------------------|--------------|--------------|----------------|-----------------------------|--------------|----------------|
|                   | 1997         | 1998         | acumuladas (1) | 1997                        | 1998         | acumuladas (1) |
| <b>A Coruña</b>   | 976          | 980          | 7.027          | 547                         | 615          | 4.721          |
| <b>Lugo</b>       | 321          | 325          | 1.844          | 169                         | 179          | 1.601          |
| <b>Ourense</b>    | 287          | 249          | 1.931          | 360                         | 316          | 2.777          |
| <b>Pontevedra</b> | 1.092        | 946          | 6.102          | 518                         | 656          | 4.122          |
| <b>Total</b>      | <b>2.676</b> | <b>2.500</b> | <b>16.904</b>  | <b>1.594</b>                | <b>1.766</b> | <b>13.221</b>  |

(1) acumuladas dende a entrada en vigor da Lei 9/1991

Fonte: Dirección Xeral de Servizos Sociais

Finalmente, a taxa de cobertura bruta en 1998, isto é, a relación entre perceptores e o paro rexistrado, segue descendendo, situándose neste ano no 42,25%. O **cadro 7.2.7.** reflicte un descenso no peso relativo dos beneficiarios de prestacións contributivas e asistenciais, que representan un 18,30% e un 23,95% do paro rexistrado.

O **cadro 7.2.8.** recolle a distribución dos gastos e ingresos da prestación por desemprego. Os ingresos ascenderon a 75.872,8 millóns de pesetas, un 8,5% máis que o ingresado no ano anterior. Malia este incremento e o descenso dos gastos da prestación por desemprego, en 1998 os ingresos por recadación de cotas por desemprego seguen a ser inferiores ós gastos derivados destas prestacións. Comparado co ano anterior, esta diferenza reduciuse, pasando dos 13.819,6 millóns de pesetas en 1997 ós 2.357 millóns de pesetas de 1998.

Comparada con España, descende o peso relativo dos ingresos por cotas en Galicia, que pasa de se-lo 4,92% do total español en 1997 a representa-lo 4,87% no ano 1998. Pola contra, a importancia relativa dos gastos aumenta, pasando do 6,22% de 1997 ó 6,33% do último ano.

Por provincias, unicamente A Coruña presenta un diferencial positivo, por un

importe de 1.394,2 millóns de pesetas, fronte ó déficit de 4.780,4 millóns de pesetas do ano anterior.

#### A integración social en Galicia

A tramitación da Renda de Integración Social de Galicia (Risga) e das Axudas de Emerxencia Social iníciase por instancia do interesado mediante a prestación da solicitude no seu concello de residencia. Como reflicte o **cadro 7.2.9.**, en 1998 rexistráronse un total de 4.266 solicitudes (2.500 correspondentes á Risga e 1.766, a axudas de emerxencia social), continuando a tendencia decrecente do volume de solicitudes iniciada en 1996.

De forma similar ó acontecido no ano anterior, a meirande parte das solicitudes presentadas, un 58,6% do total, corresponde ás axuda da Risga e o 41,4% restante, ás axudas de emerxencia social. As provincias de Pontevedra e A Coruña foron as que rexistraron o maior número de solicitudes en 1998 (un 37,6% e 37,4% do total, respectivamente). Ourense acolleu o 13,2% e Lugo, o 11,8% das solicitudes rexistradas.

Durante o ano 1998 tramitaron algunha solicitude desta prestación o 89% dos concellos galegos, é dicir, un total de 280 concellos. A Risga foi tramitada polo



**CADRO 7.2.10.**
**Resolución de solicitudes presentadas á Risga e ás AES 1997-98**

|   | 1997  | 1998  |
|---|-------|-------|
| <b>Solicitudes a resolver</b>           | 4.850 | 4.829 |
| presentadas no ano                      | 4.270 | 4.266 |
| pendientes do ano anterior              | 580   | 563   |
| <b>Solicitudes resoltas</b>             | 4.287 | 4.402 |
| (%) solicit. present./solicit. resoltas | 88,4  | 91,2  |
| <b>Solicitudes desestimadas</b>         | 1.829 | 1.552 |

Fonte: Dirección Xeral de Servizos Sociais

**CADRO 7.2.11.**
**Datos globais da Risga 1998**

|   | Total       | A Coruña   | Lugo       | Ourense    | Pontevedra |
|---|-------------|------------|------------|------------|------------|
| <b>Beneficiarios a 31-12-1997</b>         | 3.927       | 1.769      | 364        | 387        | 1.407      |
| <b>Beneficiarios a 31-12-1998</b>         | 4.140       | 1.858      | 427        | 347        | 1.508      |
| Homes (%)                                 | 29          | 29         | 39         | 44         | 24         |
| Mulleres (%)                              | 71          | 71         | 61         | 56         | 76         |
| <b>Altas</b>                              | 1.720       | 630        | 249        | 145        | 696        |
| <b>Extincións</b>                         | 1.251       | 463        | 163        | 185        | 440        |
| <b>Suspensións</b>                        | 364         | 113        | 44         | -          | 207        |
| <b>Recuperación suspensións</b>           | 108         | 35         | 21         | -          | 52         |
| <b>Total pagado (1)</b>                   | 159.638.825 | 70.743.545 | 15.548.177 | 12.357.153 | 60.989.950 |
| <b>Importe medio por beneficiario (2)</b> | 38.560      | 38.075     | 36.413     | 35.611     | 40.444     |

(1) importe total das nóminas provinciais do mes de decembro

(2) importe total das nóminas provinciais do mes de decembro / número de perceptores do referido mes

Fonte: Dirección Xeral de Servizos Sociais

76% dos concellos de Galicia, entre os que salienta o de Vigo, seguido de A Coruña, Lugo, Ferrol, Ourense, Santiago e Narón. En canto ás axudas de emerxencia social, foron tramitadas por un menor número de concellos, un 69%, destacando os mesmos concellos que no caso da Risga.

O **cadro 7.2.9.** amosa a prevalencia das solicitudes da Risga nas provincias de Pontevedra, A Coruña e Lugo, en tanto que na provincia de Ourense a prevalencia é á inversa: rexistráronse 67 solicitudes máis de emerxencia social que da Risga.

En relación á resolución das solicitudes presentadas, recollida no devandito **cadro 7.2.10.**, o número de solicitudes a

resolver en 1998 foi de 4.829, cifra que resulta de sumar as 4.266 solicitudes de 1998 e mailas 563 solicitudes pendentes do ano anterior. O volume de traballo en 1998 descendeu un 0,4% en relación a 1997 e, dado que se resolveron un total de 4.402 solicitudes, a porcentaxe de resolución foi do 91%, fronte ó 88% do ano anterior. Do total das solicitudes resoltas, 1.552 foron rexeitadas ou desestimadas, o que supón un 35,3% do total.

O principal motivo de desestimación das solicitudes de Risga en 1998 foi, como xa acontecera en anos anteriores, a existencia de recursos económicos superiores á cuantía establecida pola Lei 9/91. Este motivo supuxo unha porcentaxe do 38%

CADRO 7.2.12.

**Datos globais das Axudas de Emerxencia Social 1998**

|              | Beneficiarios a | total pagado       | importe medio  |
|--------------|-----------------|--------------------|----------------|
|              | 31-12           | (pesetas)          | (pesetas)      |
| A Coruña     | 425             | 69.267.701         | 162.983        |
| Lugo         | 103             | 17.483.510         | 169.743        |
| Ourense      | 183             | 34.929.888         | 190.874        |
| Pontevedra   | 437             | 49.522.429         | 113.324        |
| <b>Total</b> | <b>1.148</b>    | <b>171.203.528</b> | <b>149.132</b> |

Fonte: Dirección Xeral de Servizos Sociais

CADRO 7.2.13.

**Proxectos galegos de inserción 1997-98**

**1997**

| Tipo de proxecto | Beneficiarios |            |            |            |              |            |
|------------------|---------------|------------|------------|------------|--------------|------------|
|                  | Total         | (%)        | Homes      | (%)        | Mulleres     | (%)        |
| Sociofamiliar    | 207           | 14         | 68         | 14         | 139          | 14         |
| Prelaboral       | 486           | 32         | 149        | 30         | 337          | 34         |
| Laboral          | 53            | 4          | 16         | 3          | 37           | 4          |
| Mixto            | 755           | 50         | 265        | 53         | 490          | 48         |
| <b>Total</b>     | <b>1.501</b>  | <b>100</b> | <b>498</b> | <b>100</b> | <b>1.003</b> | <b>100</b> |

**1998**

| Tipo de proxecto | Beneficiarios |            |            |            |              |            |
|------------------|---------------|------------|------------|------------|--------------|------------|
|                  | Total         | (%)        | Homes      | (%)        | Mulleres     | (%)        |
| Sociofamiliar    | 633           | 19         | 158        | 16         | 475          | 20         |
| Prelaboral       | 1.003         | 30         | 261        | 26         | 742          | 31         |
| Laboral          | 111           | 3          | 49         | 5          | 62           | 3          |
| Mixto            | 1.631         | 48         | 526        | 53         | 1.105        | 46         |
| <b>Total</b>     | <b>3.378</b>  | <b>100</b> | <b>994</b> | <b>100</b> | <b>2.384</b> | <b>100</b> |

Fonte: Dirección Xeral de Servizos Sociais

do total das denegacións da Risga. Esta porcentaxe é moito máis elevada na provincia de Lugo -onde é a causa do 54% das denegacións- que nas demais provincias.

A segunda causa en importancia das denegacións da Risga (26%) é a existencia de persoas legalmente obrigadas e con posibilidade real de prestarlles alimentos ós solicitantes, de acordo coa lexislación civil. As provincias de Pontevedra e Ourense presentan unha porcentaxes de denegación por este motivo superiores á media galega, co 30% e o 29%, respectivamente.

No caso das axudas de emerxencia social, a principal causa de denegación das solicitudes presentadas (51%) é a de non tratarse de verdadeiras situacións de emerxencia social que orixinaran gastos extraordinarios para cubrir necesidades específicas de carácter básico e urxente, segundo contempla a norma. Por provincias, neste caso só na provincia de A Coruña a porcentaxe de denegación por este tipo é inferior á media galega (40%).

No ano 1998, foron beneficiarios da Risga 4.140 persoas, un 5,4% máis que no ano anterior. O **cadro 7.2.11.** reflicte o

predominio das mulleres entre os beneficiarios destas axudas en 1998. En Galicia o 71% das axudas corresponderon ás mulleres, porcentaxe que ascende ó 76% no caso da provincia de Pontevedra, mentres en Lugo é do 61%.

Por provincias, o devandito cadro reflicte a importancia relativa que presentan as axudas da Risga na provincia de A Coruña, tanto no número de beneficiarios como no importe das percepcións, seguida da provincia de Pontevedra. As dúas provincias representan o 81,3% do total de beneficiarios desta axuda en Galicia e o 82,5% do total do importe pagado.

Dos datos do *Informe sobre a aplicación e avaliación da Lei Galega de Medidas Básicas para a Inserción Social*, despréndese como características dos beneficiarios das axudas do Risga que, en 1998, o 55% dos beneficiarios eran desempregados, que un 54% forma unha familia propia nuclear, que o tipo de vivenda máis frecuente é o “piso” (50% dos casos), seguido das vivendas de tipo unifamiliar (38%), ou que case a metade só sabe ler e escribir (49%) e que o 39% ten estudos primarios.

Máis da metade (52%) dos beneficiarios da Risga reside en concellos de máis de 50.000 habitantes, distribuídos entre A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. No extremo oposto, un 24% dos beneficiarios reside en concellos de menos de 10.000 habitantes. É dicir, a meirande parte da poboación perceptora da Risga reside no medio urbano, malia a excepción da provincia de Ourense, onde o 63% dos beneficiarios vive en concellos de menos de 10.000 habitantes.

Pola súa banda, os beneficiarios das axudas de emerxencia social no ano 1998,

como amosa o **cadro 7.2.12.**, foron 1.148 persoas, o que implicou un pagamento de 171.203.528 pesetas. O importe medio das contías aboadas ós beneficiarios foi de 149.132 pesetas de media anual.

Por provincias, o devandito cadro reflicte o maior peso das axudas de emerxencia social na provincia de A Coruña no que ó importe das prestacións se refire, seguida de Pontevedra, que é a primeira en canto ó número de beneficiarios. As dúas provincias representan o 75,1% do total de beneficiarios das axudas de emerxencia en Galicia e o 69,4% do total do importe pagado.

Os datos do antedito *Informe sobre a aplicación e avaliación da Lei Galega de Medidas Básicas para a Inserción Social* reflicten que, en 1998, o 63% dos beneficiarios das axudas de emerxencia social eran parados sen subsidio. Outras características do beneficiario tipo son que forma unha familia propia nuclear (57%); o tipo de vivenda característico é a “vivenda unifamiliar” (46%) e no segundo lugar o “piso” (o 45%); ou que un 59% son traballadores sen cualificación.

En canto á distribución dos beneficiarios nos diferentes concellos galegos, o 35% das axudas foron concedidas a persoas que residen en concellos cunha poboación inferior a 10.000 habitantes e un 14%, a persoas residentes en municipios cunha poboación de 10.000 a 20.000 habitantes.

Estas prestacións están condicionadas, entre outros requisitos, á participación dos interesados en proxectos de inserción personalizados. Como se recolle no **cadro 7.2.13.**, en 1998 deseñáronse un total de 3.378 proxectos de inserción en Galicia. Un 18,7% foron accións ou pro-

xectos de tipo sociofamiliar, que incidirían nas problemáticas persoais, familiares ou sociais dos beneficiarios; un 29,7% foi de tipo prelaboral, deseñados coa finalidade de acadalo desenvolvemento de actitudes e aptitudes positivas que favorezcan as condicións de acceso ó emprego; un 3,3% estivo adicado a fomentalos hábitos de traballo e favorece-la inserción laboral; e o 48,3% restante, foron iniciativas de tipo mixto, das que a maioría estiveron compostas por proxectos sociofamiliares e prelaborais. ■